

NOME		DNI
DOMICILIO	C.P.	TELEFONO

**EXPOÑO:**

Que pretendo facer un lumiño ou cacharela o día 23 de xuño, en \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ ás \_\_\_\_\_ horas, e comprométome a tomar unha serie de medidas para a prevención de posibles riscos:

- Non farei a larada en Praias, Vías Públicas, Xardíns ou Parques Públicos, en Terreos forestais ou nas proximidades de masas arbóreas.
- Haberá xente sempre ao lado vixiando o lume.
- Non aproveitarei para queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas.
- Non se prenderá a larada con líquidos inflamables nin se queimará nela produtos contaminantes (gomas, pneumáticos, plásticos, etc.).
- Teremos auga suficiente para apagar o lume en caso de que fora necesario.
- O lume acenderase despexado de posibles riscos de propagación.
- Unha vez rematado, apagaranse os restos de brasas ata a súa total extinción e retiraremos todos os restos unha vez rematado o evento.
- Se vexo un lume sen control, avisarei ao 085.

Esta solicitude efectuese aos efectos sinalados no artigo 12.1 do decreto 105/2006 do 22 de xuño (DOG nº 125).

SOLICITO que teña en conta todo o exposto e previos os trámites que proceda se me concella a autorización a que se refire o decreto 105/2006.

Muros, \_\_\_\_\_ de xuño de 2020

Asinado,

Sra. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE MUROS

## **NORMAS PARA OS LUMIÑOS OU CACHARELAS DE SAN XOÁN**

1.- Non está permitido facer as laradas en PRAIAS, VÍAS PÚBLICAS, XARDÍNS OU PARQUES PUBLICOS, en terreos forestais ou nas proximidades de masas arbóreas.

2.- As laradas ou cacharelas situaranse en lugares seguros, de tal xeito, que non exista perigo de propagación accidental ás vivendas, instalacións ou terreos próximos. Deberán ter en conta a existencia de cableado, tendidos eléctricos, etc. Arredor da cacharela deixarase unha franxa duns 5 metros libre de calquera elemento combustible.

3.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas alomenos 50 mts. Os responsables deben asegurarse de contar con medios de extinción mínimos pero suficientes para o seu uso inmediato en caso de ser necesario.

4.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pinturas, gomas, ...). Tampouco se poderán queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas.

5.- As laradas deben estar baixo vixilancia en todo momento, os responsables deben asegurarse de que o lume queda completamente apagado.

6.- O número de asistentes non superará o que determine a normativa sanitaria de aplicación no momento da celebración da festa.

As autorizacións outorgadas non eximirán en ningún caso das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.

7.- Non se poderá aproveitar para queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas, xa que é motivo de denuncia. (En caso de non estar suspendidos os permisos, deberase pedir unha comunicación ou autorización, para restos agrícolas e forestais).

8. Non se poderá abandonar a larada ata estar seguros de que o lume quedou completamente apagado, debendo retirar todos os restos que queden unha vez rematado o evento.

9.- As autorizacións outorgadas non eximirán, en ningún caso, das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.

10.- As Cacharelas poderán ser revisadas polos servizos municipais para ver se cumpren a normativa esixida.